

RESUMO DE CONTIDOS


Ei, saio na tele!

Lingua Galega e
Literatura| 6º EP



Índice

1. Os medios de comunicación.....	2
2. A comunicación.....	2
3. Prensa, radio e televisión.....	3
4. Ortografía.....	4
5. Gramática.....	5



1. Os medios de comunicación

Os medios de comunicación evolucionaron radicalmente, pasando da **radio** á **televisión** e hoxe a **Internet e as redes sociais**, o que transformou a forma en que nos informamos. As **noticias** son textos que informan sobre acontecementos actuais e caracterízanse pola súa **obxectividade**, **imparcialidade** e unha linguaxe **clara**. Para que unha noticia sexa completa, debe responder os **6 W**: **que?** (o suceso), **quen?** (os protagonistas), **cando?** (o momento), **onde?** (o lugar), **como?** (as circunstancias) e **por que?** (as causas), garantindo así unha visión completa dos feitos para quen le.

2. A comunicación

A comunicación podémola entender como transmitir unha idea, un sentimento ou algo que queiramos contar. Só hai comunicación se nos entendemos, é dicir, se o emisor ou emisora emite unha mensaxe cun código coñecido polo receptor/a ou receptores/as que

chega a estes a través dunha canle. O código adoita ser unha lingua falada ou escrita, pero tamén poden ser lingua de signos, os sinais de tráfico e incluso as emoticonas. Tamén é fundamental entender que a canle (a vía pola que se transmite a mensaxe) e o contexto (situación na que se da a situación comunicativa), condicionan de xeito directo a comunicación.

3. Prensa, radio e televisión

Prensa

As noticias, presentes en xornais físicos ou dixitais, teñen como obxectivo principal informar sobre sucesos actuais, desde avances tecnolóxicos ata resultados deportivos. Para que a información chegue de forma ordenada e comprensible, as noticias posúen unha estrutura definida. Coñecelas axudará a unha lectura crítica. As súas partes son:

- **Sección:** agrupan as noticias por temas (política, deportes, cultura, etc.).
- **Titular:** frase breve ao comezo que resume a noticia e capta a atención.
- **Entrada:** parágrafo que segue o titular e resume o máis importante, respondendo ás preguntas clave.
- **Corpo da noticia:** narra a información detalladamente, respondendo a que?, quen?, cando?, onde?, como? e por que?.
- **Foto ou vídeo:** imaxe ou vídeo que ilustra a noticia, facéndoa máis atractiva.
- **Pé de foto/descrición:** texto breve que explica a imaxe ou vídeo.
- **Data e lugar:** indican cando e onde foi redactada ou publicada a noticia.

Radio

A **radio** é un medio de comunicación que transmite información e entretemento a través de ondas sonoras, buscando informar, entreter ou acompañar a audiencia con milleiros de programas de diversos temas. Os locutores ou locutoras son as persoas que falan no programa e estes programas pódense seleccionar buscando emisoras.

A chegada do podcast revolucionou a radio, permitindo contidos máis variados, de diferente duración e incluso creados por xente sen experiencia. A estrutura dun programa de radio ou podcast adoita incluír:

- **Sintonía de entrada e saúdo inicial:** música e benvinda do locutor ou locutora.
- **Sumario ou avance de contidos:** breve resumo do que se vai tratar.
- **Desenvolvemento das seccións:** bloques principais (noticias, entrevistas, debates, etc.), con posibles separacións por músicas ou cuñas.
- **Interacción coa audiencia:** lectura de mensaxes ou chamadas.
- **Pausas ou cuñas publicitarias:** cortes habituais para anuncios.
- **Despedida e peche:** locutor/a despídese, resume e agradece, rematando coa sin-

tonía final.

Televisión

A televisión, medio revolucionario pola súa combinación de imaxe e son, moldeou cultura e entretemento. Naceu no século XIX en branco e negro, con aparatos caros e programación limitada. A chegada da cor nos 1950 foi un grande avance.

Hoxe, os televisores son accesibles, lixeiros e planos, con alta calidade e **interactividade** grazas á dixitalización e Internet, permitindo navegación web e contido á carta.

A transmisión de imaxes e sons realízase mediante **ondas electromagnéticas**. Estas viaxan desde os estudos, onde son transformadas en paquetes de información, ata as antenas dos receptores e despois aos televisores, que as decodifican.

A creación dun programa de televisión implica un amplo equipo e segue **tres fases**.

- **Pre-producción:** planificación, selección de noticias, redacción de guións, deseño de escenografía, probas técnicas e ensaios.
 - **Gravación:** o presentador ou presentadora le as noticias mentres se insiren vídeos e imaxes dende a sala de control, onde técnicos e técnicas operan cámaras, son e iluminación. Poden gravarse seccións adicionais.
 - **Post-producción:** revisión e edición do material gravado, incorporación de música, efectos de son, corrección de erros, inclusión de gráficos e exportación para a emisión.
4. Prensa, radio e televisión

4. Ortografía

O s e o x

Non existe ningunha regra única nin infalible cando falamos de ortografía, porén, existen algunhas que nos poden facilitar a nosa escrita. Vamos velas!

Esríbese x en:

- **Comezo de palabra:** moitas palabras con ex- seguido de vogal ou h (exame, exhibir) e prefixo extra- (*extraordinario*).
- **Despois de ditongo:** xeralmente despois de ditongos (*caixa, peixe*).
- **Equivalente ao 'j' castelán:** en palabras como *caixa, xardín, xefe*.
- **Grupos 'pr' e 'pl':** despois de ex- seguido de pr- ou pl- (*explicar, explotar*).
- **Final de palabra (poucos casos):** Palabras como *clímax, tórax*.

Esríbese 's' en:

- **Comezo de palabra:** moitas palabras con "es-" seguido de consoante (*escola, espello*).
- **Adxectivos en -oso e -osa:** fermoso, curiosa.
- **Superlativos en -ísimo e -ísima:** altísimo, boísima.
- **Algúns sufixos:** -és (*portugués*) e -ista (*artista*).

Os signos de puntuación

Para transmitir información clara, os signos de puntuación son esenciais, xa que estruturan as ideas e evitan confusións.

- **Punto (.)**: marca o final dunha oración ou úsase en abreviaturas.
- **Coma (,)**: indica unha pausa breve, separa elementos en enumeracións ou engade información.
- **Punto e coma (;)**: sinala unha pausa maior que a coma pero menor que o punto, conectando oracións relacionadas ou separando elementos longos.
- **Dous puntos (:)**: introducen enumeracións, explicacións, citas textuais ou conclusións.
- **Comiñas (“ ”)**: utilízanse para citas textuais, títulos ou para destacar palabras, incluída a ironía.
- **Signo de interrogación (?)**: marcan preguntas.
- **Signo de exclamación (!)**: expresan sorpresa, alegría, indignación ou énfase.
- **Puntos suspensivos (...)**: indican unha interrupción, unha idea incompleta ou un ton de misterio ou dúbida.

5. Gramática

Os verbos: conjugacións, tempos verbais e modo.

Os verbos son palabras que indican accións, estados ou procesos (*correr, ser, chover*). Atópanse en infinitivo no dicionario (rematados en *-ar, -er, -ir*) e clasifícanse en tres conjugacións (primeira, os verbos rematados en *-ar*, segunda, os rematados en *-er* e terceira, os rematados en *-ir*)

Os tempos verbais din **cando ocorre a acción**:

- **Pasado (pretérito)**: para accións xa rematadas (*onte comín*).
- **Presente**: para o que acontece agora ou habitualmente (*eu vexo*).
- **Futuro**: para o que aínda non pasou pero ocorrerá (*estudaremos*).

En galego hai **tres modos verbais**:

- **Indicativo**: para expresar **feitos reais e certos** (*hoxe hai calor*).
- **Imperativo**: para dar **ordes, suxestións ou consellos** (*responde ao que che preguntan*).
- **Subxuntivo**: para **posibilidades, desexos ou emocións** (*espero que non te sintas mal*). Ten os seus propios tempos (presente, pretérito, futuro de subxuntivo) con terminacións específicas.

Aumentativos e diminutivos

Na nosa lingua, as palabras non só transmiten un significado literal, senón que tamén poden evocar emocións ou indicar matices de tamaño. Unha forma común de conseguir isto é a través dos **sufixos**, que se engaden á raíz das palabras para crear novos termos. Entre eles, destacan os **diminutivos** e os **aumentativos**, dous tipos de sufixos que enriquecen o galego.

Os **diminutivos** indican pequeno tamaño. Tamén se poden considerar como apelativos cariñosos. Estas palabras fórmanse a partir dos sufixos *-iño/-iña* (*amiguiña, libriño*).

Os **aumentativos** indican gran tamaño (ás veces poden ter connotacións pexorativas). Os

aumentativos fórmanse a partir dos sufixos *-ón/-ona*, *-azo/-aza...* (*gradón*, *arboraza*).

Palabras compostas

As **palabras compostas** fórmanse pola unión de dúas ou máis palabras para crear un novo termo cun significado diferente ao das súas partes orixinais.

Estas palabras pódense formar a partir da combinación de distintas categorías gramaticais:

- **Substantivo + substantivo**: como en **gardarroupa** (*garda* + *roupa*) ou **cempés** (*cen* + *pés*).
- **Verbo + verbo**: por exemplo, **vaivén** (*vai* + *ven*).
- **Adxectivo + adxectivo**: vemos casos como **agridoce** (*agre* + *doce*) ou **altibaixos** (*alto* + *baixos*).
- **Substantivo + verbo (e viceversa)**: exemplos son **abrelatas** (*abre* + *latas*) ou **cantautor** (*canta* + *autor*).
- **Adxectivo + substantivo (e viceversa)**: como en **altofalante** (*alto* + *falante*) ou **mediodía** (*medio* + *día*).

É importante ter en conta que, en ocasións, as palabras que se unen poden sufrir lixeiras **modificacións** para adaptarse á nova forma. Por exemplo, en *cempés*, o *n* de *cen* cambia a *m* por unha regra ortográfica, e en *altibaixos*, o *o* de *alto* convértese en *i*.

Palabras invariables

As **palabras invariables** son aquelas que manteñen sempre a mesma forma, sen cambios de xénero ou número. As principais son:

- **Adverbios**: indican circunstancias (modo, tempo, lugar, cantidade, etc.). Exemplos: *ben*, *hoxe*, *aquí*, *moito*, *quizais*, *si*, *non*.
- **Preposicións**: unen e relacionan palabras. Exemplos: *a*, *con*, *de*, *en*, *para*, *por*, *sen*.
- **Conxuncións**: unen palabras ou frases. Exemplos: *e*, *ou*, *pero*, *porque*.
- **Interxeccións**: expresan emocións e adoitan ir con exclamacións. Exemplos: *ai!*, *oh!*, *ola!*

Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 2: Proxecto cREAgal. *Esquema dos contidos da unidade*. Licenza [CC-BY-NC-SA](#).



Resumo de contidos: Ei, saio na tele!, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)